

## CUESTIONARIO DE AUTOREFLEXIÓN

**Nome: M<sup>a</sup> Pilar Iglesias Gómez**

1. Como me sentín nesta fase da observación na clase como **observada**? Por que?  
Máis cómoda que na anterior observación, a experiencia previa na fase de observación holística deume tranquilidade. O compañeiro lía as follas de observación que tiña preparadas e non tiña sensación de sentirme intimidada.
2. Que momento foi o máis interesante da sesión, desde o meu punto de vista para ser observada?  
Das tres grandes transicións que tiveron lugar na sesión, a terceira delas pareceume a máis interesante porque introducía elementos novos para os nenos/as e era a primeira vez que reaccionaban ante o cambio de monicreques a contos.
3. Atopo algunha diferenza como observada entre a observación holística e a focalizada?  
Na observación holística todo era novo e os intres nos que a improvisación era precisa eu tiña unha lixeira sensación de inseguridade no manexo da aula.  
Na focalizada, consciente desa sensación, xa modifiquei algunhas tarefas co fin de que cando os nenos/as de 4º E. Infantil trocaban o sentido da sesión, a volta ás rutinas fose o máis tranquila e relaxada posible.
4. Que podería mellorar?  
Observando a presión que un dos meus compañeiros exerce sobre el mesmo á hora de desenvolver as tarefas cos seus alumnos/as, dinme conta da presión que tamén exerzo sobre min mesma cando vexo que remata a sesión e o plan de aula non puido ser rematado.  
Do outro compañeiro aprendín o manexo da autonomía dos alumnos/as sen perder o control, ambos aspectos son compatibles. Terei que afondar neste aspecto para ver como o podo adaptar á miña aula de E. Infantil.  
Un diálogo sereno cos meus compañeiros darama a posibilidade de manifestarlle as miñas cuestións e recibir a axuda que estou segura me brindarán.
5. Como me sentín na clase nesta fase da observación como **observadora**? Por que?  
Entusiasmada polo plan de traballo de aula aportado polos meus compañeiros. Nos dous casos son moi diferentes ao meu estilo de traballo, ben pola diferenza de idades entre o alumnado no que incidimos ou polas linguas que empregan como canle de comunicación. No caso deles non precisan explicacións adicionais nen tradución, mentres que no meu caso, son imprescindibles.

6. Aqueles elementos que considere susceptibles de ser observados para a mellora da miña práctica docente déronme unha visión diferente da preestablecida ?  
Nos dous casos superaron amplamente as expectativas. Xa os consideraba docentes dos que aprender enormemente, sendo unha das razóns polas que considerei participar neste programa de formación mediante a observación. Dous xeitos de traballar diferentes, dúas personalidades ben diferenciadas pero unha adicación total ao seu labor docente.
7. Influíu dalgún xeito esta observación na miña labor docente?  
Aínda que o tempo foi escaso para unha reflexión profunda e interior, as sesións longas e sinceras entre os tres mestres que formamos o grupo de traballo, xa me deron indicacións dalgunha mellora na miña labor, tal e como indiquei no apartado 3
8. Fun quen de deixar os meus sentimentos e sensacións a un lado e observar ao compañeiro desde o exterior?  
Os meus sentimentos de aprecio e admiración pola súa labor docente non restaron fiabilidade nen espírito crítico naqueles aspectos nos que eu, como observadora, tiña especial interese para adaptar e aprender a manexar na miña tarefa docente.
9. Que cambios podería introducir XA na miña labor docente despois deste proceso de observación?  
Como indiquei no punto 3, intentei unha pequena modificación tras a sesión de reflexión da práctica holística, referida á miña excesiva preocupación por cumprir todo o plan de aula. Teño en mente o proceso de dar maior autonomía ao máis peques de E. Infantil, aínda que creo que preciso máis observacións dos meus compañeiros para chegar a ese punto.
10. Considero interesante continuar con este tipo de práctica de observación como ferramenta de formación na miña tarefa docente?  
Como indiquei en puntos anteriores, teño en mente facer máis prácticas de observación focalizada para seguir con pequenas modificacións que me podan levar a unha transformación maior no proceso de comunicación entre iguais.